



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 16 de decembro de 2014, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e o Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

DOLUTEGRAVIR

na seguinte indicación:

Tratamento de adultos e adolescentes maiores de 12 anos infectados polo Virus da Inmunodeficiencia Humana (VIH-1) en combinación con outros medicamentos antirretrovirais, atendendo sempre as seguintes consideracións:

- A elección do tratamento en pacientes naïve ou en pacientes con tratamento antirretroviral previo (pretratados) que non recibiran anteriormente un Inhibidor da Integrase, deberá priorizarse atendendo a criterios de eficiencia respecto ás opcións de tratamento antirretroviral (TAR) dispoñibles en cada caso individual.
- Dárase preferencia, sempre que sexa posible, á combinación de dolutegravir con abacavir/lamivudina.
- Os pacientes con resistencia documentada aos Inhibidores da Integrase ou noutras situacións particulares que precisen unha dose de dolutegravir de 50 mg dúas veces ao día, deberán ser valorados e autorizados de xeito individual, según factores dependentes do paciente, o propio TAR e o virus.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2014

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA

D. Félix Rubial Bernárdez



COMISIÓN DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE